

Os nosos compromisos co alumnado e coas familias

I. Comprometidos coa conciliación laboral e familiar

Sendo conscientes das necesidades que teñen moitas das familias do noso entorno á hora de poder conciliar a vida familiar e laboral, o noso centro oferta un horario amplo de apertura á comunidade. En aras de atender este horario máis completo, podendo abarcar dende as 7:30 ata as 17:00 horas, contamos coa axuda da ANPA para poner en práctica unha serie de programas de atención fóra das horas lectivas.

A. Aula de madrugadores e comedor escolar

A aula de madrugadores está aberta dende as 7:30 ata as 9:00 horas, para todas as familias que precisan este servizo. Os nenos e nenas solicitantes están atendidos durante este tempo podendo elixir entre o Plan Madruga con almorzo e Plan Madruga sen almorzo.

O centro conta con servizo de comedor escolar de xestión indirecta. Os menús están adaptados ás necesidades dos nenos e nenas, con menús individualizados para circunstancias particulares (alerxias, intolerancias alimentarias, crenzas relixiosas, etc.).

Os alumnos son atendidos neste servizo dende as 14:00 horas ata as 16:00 horas, podendo disfrutar da zona de xogos dende o remate da comida ata a hora na que son recollidos polas familias.

A cuota de pago do comedor está adaptada ós ingresos familiares, sendo gratuito para todos aqueles que non superan os 7000€ anuais de renda per cápita.



B. Transporte escolar

O CEIP Manuel Luis Acuña conta con servizo de transporte gratuíto para todos aqueles alumnos e alumnas que residen na zona de influencia do centro e a máis de 2 kilómetros do mesmo.

Este transporte recolle ó alumnado nas paradas que lle corresponden para traelos ó centro e recólleos ás 16:00 horas, unha vez rematan o servizo de comedor. Durante o traxecto son atendidos por persoal contratado pola Consellería para tal fin.

C. Actividades extraescolares

A ANPA oferta todos os anos unha ampla banda de actividades extraescolares entre as 15:00 horas e as 17:00 horas para cubrir a importante necesidade de actividade física, artística, lúdica, etc. do alumnado.

Estas actividades son desenvolvidas, según o carácter das mesmas, nas excelentes dependencias do noso centro:

- Polideportivo anexo á zona de recreo
- Salón de Actos
- Aula de Psicomotricidade
- Aula de informática
- Aula de música



II. Comprometidos coa actividade física

Ademáis das actividades físicas que o noso alumnado pode realizar como parte das actividades extraescolares, o centro conta con programas específicos incluídos na especialidade de Educación Física.

A. Aprendemos a nadar

A totalidade do noso alumnado acode durante un curso escolar ó Pavillón dos Remedios para aprender a nadar ou perfeccionarse, durante unha hora semanal, a través dun convenio establecido co Consello Municipal de Deportes. Contamos con transporte para cubrir este servizo.



B. Actividades contra o sedentarismo

Este programa levase a cabo dende o curso 2020-2021 para conseguir que os alumnos/as realicen actividades físicas no centro escolar durante o tempo de recreo e, á súa vez, se lles dan ideas para fomentar o exercicio físico fóra do centro aproveitando o seu tempo de lecer. Para cada día da semana se lles da un material diferente a utilizar de xeito colectivo, favorecendo as relación co grupo e a igualdade.



III. Comprometidos coa lectura

Entre os nosos compromisos educativos está o compromiso coa lectura. A nosa biblioteca está a disposición do alumnado durante o horario lectivo e polas tardes de luns a venres de 16:00 a 17:00 horas.

Os alumnos e alumnas teñen a oportunidade de levar en empréstito libros da súa elección entre máis de 4.000 exemplares de títulos variados.

Por outra banda o equipo docente encargado da biblioteca organiza actividades de fomento da lectura durante todo o curso. A biblioteca é ademáis centro e espazo de aprendizaxe.



IV. Comprometidos coa interculturalidade, educación integral e educación inclusiva

O noso centro fai gala de ser un centro inclusivo no que o alumnado aprende a convivir con outras nacionalidades, culturas e capacidades ademáis de atender a diversos eidos do coñecemento.

A. Proxecto de bilngüismo e anticipación da lingua estranxeira

Os alumnos reciben clases de inglés dende os tres anos.

Os alumnos de 5º e 6º de Educación Primaria están inmersos no proxecto de bilingüismo, a través do cal teñen en inglés a clase de Expresión Artística. Por outra banda, os alumnos de Primaria teñen durante o curso o apoio dun auxiliar de conversa.

B. Programa de lingua e cultura portuguesa

Dentro desta idea mantemos o Programa de Lingua e Cultura Portuguesa, no que se realiza unha inmersión tanto na lingua como nas cultura do país veciño. Adicamos a este programa unha sesión semanal do horario lectivo e completase con visitas a diversas cidades importantes de Portugal (Lisboa, Oporto, Braga, etc.)



C. Contrato programa

Dende hai varios anos este proxecto didáctico está no noso Plan Xeral Anual, facilitando a inclusión a través dos Programas ReforzaT, Programa Arco e Convive.

A través dos Programas ReforazaT e Arco temos implementada a atención a nenos e nenas con necesidades de reforzo educativo, durante as horas lectivas, en materias onde precisan axuda e onde non chegan os especialistas de Pedagogía Terapéutica.

D. Actividades complementarias

Dende o equipo de profesorado pretendemos levar a educación máis alá das barreiras arquitectónicas do colexio e a toda a comunidade educativa e entorno do barrio e da cidade. Por isto participamos en todas as actividades que se nos proponen dende o Concello e outros organismos públicos e privados. Deste modo ...

- Celebramos festividades e días sinalados
- Realizamos actividades cos alumnos invitando ás familias
- Realizamos saídas á contorna aproveitando festas e datas importantes: nadal, entroido, etc.



E. Horto escolar

O noso horto escolar fomenta no alumnado o interés pola natureza e propicia un modo diferente de aprendizaxe, baseado nas múltiples capacidades dos alumnos e alumnas, sendo un medio de educación transversal no que traballamos dende varias áreas (Lingua, matemáticas, natureza, etc.)